

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia na clausura da xornada *Análise dos 40 anos da Constitución española desde a perspectiva de Galicia*

Parlamento de Galicia, 03-12-2018 // 13,30 h.

Vicepresidente da Xunta de Galicia,
Integrantes da Mesa do Parlamento de Galicia,
Portavoces parlamentarios,
Deputadas e deputados,
Relatores e relatoras destas xornadas,
Señoras e señores:

Moi boas tardes e moitas grazas a todos os que dun ou doutro xeito toman parte nestas xornadas: agradecemento aos relatores que interviñeron ao longo da mañá e agradecemento, por suposto, a todos os inscritos que fixeron un oco no seu día a día para acudir ao Parlamento na procura de experiencias e pareceres diversos, sempre enriquecedores.

Neste ano en que se conmemora o 40 aniversario da Constitución española, aprobada no referendo celebrado o 6 de decembro de 1978, actividades como a celebrada esta mañá, que terá continuidade cunha segunda xornada programada para o vindeiro 21 de decembro, resultaban obrigadas para o Parlamento de Galicia e para a sociedade galega no seu conxunto.

Todo ou case todo o que ollamos ao noso carón é consecuencia directa da Constitución do 78, que, catro décadas despois, ofrece un balance razoablemente satisfactorio, sen que iso implique deixar de recoñecer erros e debilidades que todas e todos temos a obriga de corrixir.

O noso Estatuto de Autonomía, as elevadas cotas de autogoberno que Galicia xestiona hoxe, a posta en valor dos nosos sinais de identidade —a nosa lingua, a nosa cultura...—, o Estado de benestar, o

crecemento exponencial da clase media nestes 40 anos —malia as dificultades que aínda persisten—, mesmo a nosa plena e exitosa integración en Europa, son consecuencia directa do pacto constitucional que, se cadra polo proverbial pesimismo que levamos nos nosos xenes, non sempre valoramos na súa auténtica dimensión.

Coa aprobación da Constitución, España cruzaba definitivamente o Rubicón cara á democracia e deixaba atrás décadas escuras, amargas para moitos.

Se cadra, as lecturas pesimistas que con frecuencia facemos da nosa historia e de nós mesmos, apuntaladas por lendas negras forxadas alén das nosas fronteiras, gardan relación precisamente co descoñecemento da nosa historia.

Creo, por iso, honestamente, que xornadas como a de hoxe, poden resultar de utilidade para clarificar conceptos ás veces esquecidos e poñer en valor aquela xesta na que españois situados nas antípodas ideolóxicas deron exemplo de xenerosidade, de renuncia e de tolerancia para dar paso á etapa de maior estabilidade e prosperidade de toda a nosa historia.

Quixemos que a xornada arrincase cos testemuños de xornalistas que viviron en primeira persoa aqueles anos, para facer memoria dos cambios operados pola sociedade española e galega desde entón e tamén para reivindicar solemnemente desde a sede do poder legislativo de Galicia o valor inmenso dos xornalistas e dos medios de comunicación.

Nun recente libro de dous profesores de Harvard (Steven Levitsky e Daniel Ziblatt), titulado *Como mueren las democracias*, os autores argumentan que «Las democracias cuentan efectivamente con reglas escritas (constituciones) y con árbitros (los tribunales). Pero estos funcionan mejor y sobreviven más tiempo en los países donde las constituciones escritas están apuntaladas por reglas no escritas del juego. Dichas reglas o normas sirven como guardarrailles de la democracia e impiden que la pugna política cotidiana desemboque en un conflicto donde todo vale».

Xunto coa tolerancia mutua e a contención institucional descritas polos autores citados, quen lles fala apuntaría un terceiro elemento imprescindible para a supervivencia da democracia: o xornalismo libre comprometido coa verdade. Como o que representou un papel determinante para a consolidación da democracia española e como o que nos nosos días se continúa exercendo nun escenario adverso marcado pola crise do modelo de negocio, as *fake news* e as redes que difunden estas últimas.

Dito doutro xeito, sen xornalismo non hai democracia, unha afirmación dificilmente rebatible, que cobra unha especial dimensión nestes tempos convulsos nos que as noticias falsas contribúen a distorsionar a realidade.

Ademais das vivencias, reflexións e anécdotas dalgúns dos xornalistas que viviron aqueles anos, quixemos contar na xornada hoxe co mundo académico, para explorar, desde a ciencia xurídica e da man de reputados catedráticos e profesores das tres universidades galegas, o estado da cuestión.

Teño que engadir que, como galego, me sinto especialmente orgulloso da presenza das universidades galegas no debate suscitado arredor da crise territorial que todos coñecemos; unha presenza que, lonxe de calquera casualidade, é consecuencia da credibilidade construída a base do traballo e a investigación rigorosa desenvolvidos ano tras ano.

Quixemos, ademais, contar coa reflexión de quen ostenta a representación parlamentaria da cidadanía e por iso convidamos a participar aos portavoces dos catro grupos da Cámara na procura da pluralidade que debe caracterizar –e caracteriza– as diferentes actividades que convoca esta institución.

Agradezo a resposta afirmativa de tres dos portavoces e respecto -malia non compartila- a decisión de quen declinou a invitación e optou por ausentarse. Considero, e o seguirei facendo, que os portavoces parlamentarios –calquera portavoz- son protagonistas

destacados e insubstituíbles nun debate que debe sumar criterios xurídicos e tamén criterios políticos, os que eles nos achegaron.

Volvendo ao libro do que lles falei, permítome facer miña unha reflexión que seguro moitos de vostedes compartirán.

Di así: «Ningún dirigente político por sí solo puede poner fin a la democracia, y tampoco ningún líder político puede rescatarla sin la ciudadanía. La democracia es un asunto compartido. Su destino depende de todos nosotros».

Pódese dicir máis alto, pero non máis claro.

Moitas grazas a todas e a todos.

ⁱ *Como mueren las democracias*. Seíteven Levisky y Daniel Ziblatt. Ariel. Barcelona, setembro de 2018.